

## A PIE DE CALLE

### XOSÉ MANUEL LOBATO

Autor de do libro «Retorno a Natura»



Xosé Manuel Lobato Martínez é profesor de secundaria en Rianxo e investigador

**«A natureza non é nosa, é unha herdanza que temos que coidar e transmitir»**

C. P.

SANTIAGO | Alvarellos Editora presenta o día 8 na Feira do Libro a obra *Retorno a Natura*, do escritor, profesor e investigador Xosé Manuel Lobato Martínez (Lestedo-Boqueixón, 1958). Reúne 36 relatos nos que reflexiona, e chama á sociedade a facelo, «sobre a importancia de coidar a natureza, de non destruír un patrimonio que forma parte de nos». A maioría dos textos son de denuncia «das desfeitas ecolóxicas, desde o *Prestige*, ás queimas dos montes ou as piscifactorías». Outros son para loar paisaxes e lugares «que aínda permanecen», e nuns poucos faise eco «de intervencións respectuosas co medio».

—¿É un ecoloxista militante?

—Colaboro en cousas con Adegas, pero o libro responde ao meu amor pola natureza. Nacín nunha zona rural e crieime polas corredeiras e paraxes do Pico Sacro, e dóeme ver que estamos destruíndo o que non nos pertence. A natureza non é nosa, é unha herdanza que temos a obriga de coidar e transmitir as futuras xeracións.

—¿Hai irresponsabilidade social?

—O desenvolvemento é necesario, pero programado e sostible. Podes facer a túa vivenda sen danar a natureza, e montar piscifactorías sen agredir espazos privilexiados e emblemáticos. Non se trata de estar contra delas.

—¿O discurso chega mal á xente?

—Igual e iso. Imos ao fácil. As organizacións ecoloxistas son necesarias, porque senón arrasarían con todo. Non é cuestión de dicir a todo que non, pero si de impedir a destrución.